

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XULLO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día doce de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño e don Daniel Mallo Castro.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta os expedientes de contratación remitidos a esta Alcaldía correspondentes a contratos que deben estar formalizados antes do día 18 de xullo do ano que andamos; a actividades que se ten previsto executar este fin de semana; á adxudicación dunha obra cuxo expediente foi incoado fai varios meses; e á modificación do prego de prescricións técnicas dun expediente aprobado o día 5 de xullo do ano que andamos.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Adxudicación da obra “Ampliación do saneamento en Nebrixe(Bribes)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, a prol do licitador “Jardinería Arce, SL.”, no prezo ofertado de 39.103,96 euros sen IVE (47.315,79 euros IVE incluído)Expte: 2018/C003/000026

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C003/000026 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da obra “Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, cun orzamento base de licitación de 65.716,38 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 18 de xaneiro de 2019 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data e ratificada pola mesa de Contratación celebrada o 22 de febreiro de 2019, a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L.” no prezo ofertado de 39.103,96 euros sen IVE (47.315,79 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe do enxeñeiro de Camiños, canles e portos - xefe da sección de Servizos do 11 de febreiro 2019 ratificado pola Mesa de Contratación en sesión de 22 de febreiro de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños, canles e portos - xefe da sección de Servizos do 18 de xuño 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 28/06/19, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 90/2019 emitido polo interventor municipal con data do 01/07/2019.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexon no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 18 de xaneiro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Alvac, S.A.
- Barnacle Obras y Servicios, S.L.
- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.
- Canarga, S.L.
- Ceta Contratas, S.L.
- Construcciones Canosa, S.L.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- Cosmalca, S.L.
- Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.
- Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L.
- Excavaciones H. Otero, S.L.
- Excavaciones y Obras Candal, S.L.
- Gestal y López, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- López y Leis, S.A.
- Mantido, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 18 de xaneiro de 2019, non admitir a oferta presentada pola empresa “ AHR, S.L.”, ao presentarse en formato papel, incumprindo con iso as condicións de presentación establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, ao amparo do establecido nas cláusulas 11.1 e 15.2 do Pregro de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, e art. 139.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en virtude dos cales :

Cláusula 11.1 PCAP : “A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica no epígrafe 9 do cadro de características, na dirección electrónica que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.”

Cláusula 15.2 PCAP : “Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.”

Art. 139.1 LCSP : "1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva ningunha, ..."

Terceiro : Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 18 de xaneiro de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 50.437,35 euros:

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Contrato/concurso: Ampliación del saneamiento en Nrebraxe, Bribes

Prezo de licitación: 65.716,38 €

Límite oferta temeraria: 50.257,46 €

[Exportar](#)

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	ALVAC GALICIA S.A.	55.192,30	16,01	20	57,86	Non	77,86
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	58.619,01	10,80	20	40,32	Non	60,32
3	BCNR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	54.140,71	17,61	20	60,82	Non	80,82
4	CANARGA S.L.	50.899,99	22,55	20	69,94	Non	89,94
5	CETA CONTRATAS S.L.	54.890,17	16,47	20	58,71	Non	78,71
6	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS S.L.	53.874,29	18,02	5	61,58	Non	66,58
7	CONSTRUCCIONES CANOSA S.L.	57.146,97	13,04	20	48,68	Non	68,68
8	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L.	49.425,29	24,79	20	74,07	Si	94,07
9	CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ S.L.	57.040,99	13,20	20	49,28	Non	69,28
10	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	48.702,42	25,89	20	76,10	Si	96,10
11	COSMALCA S.L.	61.116,00	7,00	20	26,13	Non	46,13
12	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	55.767,42	15,14	20	56,26	Non	76,26
13	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	52.741,93	19,74	20	64,75	Non	84,75
14	GESTAL Y LOPEZ S.L.	57.501,84	12,50	20	46,67	Non	66,67
15	JARDINERIA ARCE S.L.	47.315,79	28,00	20	80,00	Si	100,00
16	LOPEZ Y LEIS S.A.	60.379,00	8,12	20	30,31	Non	50,31
17	MANTIDO S.L.	54.478,88	17,10	20	59,88	Non	79,88
18	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	61.615,68	6,24	20	23,30	Non	43,30

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica e incremento prazo de garantía):

EMPRESA	PUNTOS
Jardinería Arce SL	100
Construcciones Ponciano Nieto SL	96,10



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Construcciones J. Mauri e Hijos SL	94,07
Canarga SL	89,94
Excavaciones y Obras Candal SL	84,75
BCNR Gestión y Soluciones Avanzadas SL	80,82
Mantido SL	79,88
Ceta Contratas SL	78,71
Alvac SA	77,86
Excavaciones H. Otero SL	76,26
Construcciones Pan y Díaz SL	69,28
Construcciones Canosa SL	68,68
Gestal y López SL	66,67
Construcciones Alejandro Martínez e Hijos SL	66,58
Barnacle Obras y Servicios SL	60,32
López y Leis SA	50,31
Cosmalca SL	46,13
Obras y Saneamientos Galicia SL	43,30

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 18 de xaneiro de 2019 e ratificado con data 22 de febreiro, adxudicar a obra "Ampliación do saneamento en Nebrixte (Bribes)", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", con NIF B15547979 e domicilio en Manuel Murguía 6, entresollado - 15011 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado de 47.315,79 euros IVE incluído (39.103,96 euros sen IVE) e un prazo de garantía de cinco anos, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: Desígnase como directora da obra á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462, a coordinación de Seguridade e saúde correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." (GALCOOR) con NIF B-70121108.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á directora de obra-responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. adxudicataria da obra "Mellora do parque infantil leste da Barcala", obra cofinanciada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre nº 115/2018 de data 14 de decembro de 2018". Expediente 2018/C003/000031

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2018/C003/000031 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra “Mellora do parque infantil leste da Barcala”, obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de mellora do parque infantil leste da Barcala, convenio nº 115/2018 de data 14 de decembro de 2018”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2019 polo que se adjudicou a obra á empresa *Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 21 de maio de 2019.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adjudicataria *Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.* con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 01 de xullo de 2019 ao que achega o informe favorable emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra por Decreto de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro de 2018, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462.

Vistos o informe favorable emitido co data 4 de xullo de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Oziona Soluciones de Entretenimiento S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora do parque infantil leste da Barcala”, obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de mellora do parque infantil leste da Barcala, convenio nº 115/2018 de data 14 de decembro de 2018”.
Expte 2018/C003/000031

Segundo: Notificar este acordo á empresa *Oziona Soluciones de Entretenimiento S.L.* e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da

citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Tercero: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º.- Adxudicación ao licitador Barbeito y López, S.C., no importe de 9.586,78 € sen IVE, 11.600,00 € IVE incluído, da Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a IV Romaría Galaico-Romana “ Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre. Expediente C.M. núm. 2019/C002/000266

Antes de comezar a tratar o presente asunto, e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e artigo 29 do Regulamento orgánico municipal, auséntase do despacho da Alcaldía a concelleira dona Maria Dolores Pan Lesta.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 9 de xullo de 2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal , a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e polo alcalde, para a contratación da *Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar IV Romaría Galaico-Romana “ Galaicoi”* a celebrar no Concello de Cambre , cun importe de 9.586,78 € sen IVE e 11.600,00 €, IVE incluído. Achégase á proposta Informe de necesidade asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data do 08/07/2019, que contén as prescricións técnicas para o desenvolvemento do contrato.

Motívase a contratación no cumprimento das competencias municipais en materia de promoción da cultura e ocupación do tempo libre reguladas no art. 25.2.l) e m), da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 9 de xullo de 2019 emítese informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 430 22612 e de que respecto da empresa á que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data do 10/07/2019 data emítese informe polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal , coa conformidade da responsable da área, no que consta que foi invitada a seguinte empresa, que presentou a seguinte oferta :

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Barbeito y López, S.C. (Estilo Gráfico Rotulación)	9.586,78 €	11.600,00 €

formulando proposta de adxudicación da *Subministración de elementos de identidade gráfica (cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e tessera) e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a Romaría Galaico Romana "Galaicoi"*, á empresa Barbeito y López, S.C. (Estilo Gráfico Rotulación), con NIF J - 70196100, domicilio na Praza José Luis Caso Cortines, nº 4 baixo, 15679 O Temple, Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 9.586,78 € sen IVE, 11.600,00 € IVE incluído, por ser a única entidade participante na licitación e cumprir cos requisitos do prego de prescricións técnicas, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 10 de xullo de 2019, por parte desta Concellería Delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a proposta para a contratación da *Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a romaría galaico-romano "Galaicoi"* a celebrar no Concello de Cambre, cun importe de 9.586,78 € sen IVE e 11.600,00 €, IVE incluído, así como o prego de prescricións técnicas redactado para a súa execución, e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 430 22612 "Certames e festivais Turismo"

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000266 da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da *Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a romaría Galaico Romana "Galaicoi"* ao licitador "Barbeito y López, S.C." con NIF J-70196100 e domicilio na Praza José Luis Caso Cortines nº 4, baixo, 15679 O Temple, Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 9.586,78 € sen IVE, 11.600,00 € IVE incluído, por ser a única entidade participante no procedemento e cumprir cos requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas aplicable á presente contratación, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal don José Luis González Cardalda, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal don José Luis González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos

artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes neste momento na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que se incorpora ao despacho da Alcaldía a concelleira dona Maria Dolores Pan Lesta.

5º.- Adxudicación ao licitador José Luis Torrado Rodriguez, no importe de 13.060,00 € sen IVE, 15.802,60 € IVE incluído, da Producción do Festival Temple Jazz 2019. Expediente C.M. núm. 2019/C002/000246

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 2 de xullo de 2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e polo alcalde, para a contratación da Producción do Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre , cun importe de 13.074,13 € sen IVE e 15.819,70 €, IVE incluído. Achégase á proposta unha memoria valorada asinada polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data do 02/07/2019, que contén as prescricións técnicas para o desenvolvemento do contrato.

Motívase a contratación no cumprimento das competencias municipais en materia de promoción da cultura e ocupación do tempo libre reguladas no art. 25.2.l) e m), da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 3 de xullo de 2019 emítese informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 334 22609 e de que respecto dos licitadores aos que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data do 10/07/2019 emítese informe pola dinamizadora cultural coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Tedaga, S.L.
- JoséLuis Torrado Rodríguez
- Marcos M. Souto Castelo

e que se presentou a seguinte oferta :

Empresa	PREZO S/IVE	IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
JOSÉ LUÍS TORRADO RODRÍGUEZ	13.060,00	21% 2.742,60	15.802,60

formulando proposta de adxudicación da “PRODUCCIÓN DO FESTIVAL JAZZ 2019” ao licitador José Luis Torrado Rodríguez, co NIF.: 32819315V e domicilio en Bribes pequeno nº 21-A, 15660 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 13.060,00 euros máis os 21% de IVE, que supón un total de 15.802,00 euros (IVE incluído), por ser o único empresario que presentou oferta e cumprir co criterio de valoración establecido.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 11 de xullo de 2019, por parte desta Concellería Delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a proposta para a contratación da Producción do Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre , cun importe de 13.074,13 € sen IVE e 15.819,70 €, IVE incluído, así como a memoria valorada redactada para a súa execución, e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 334 22609

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000246 do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da Producción do Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre ao licitador José Luis Torrado Rodriguez, co NIF 32819315V e domicilio en Bibres Pequeno nº 21-A, 15660 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 13.060,00 euros máis os 21% de IVE, que supón un total de 15.802,00 euros (IVE incluído), por ser o único empresario que presentou oferta e facer baixa respecto ao tipo de licitación, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa .

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á dinamizadora cultural M^a Pilar Paz Delgado, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á dinamizadora cultural M^a Pilar Paz Delgado , responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10

da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

6º.- Proposta de adxudicación dos Lotes 1, 2 e 5, e declaración de desertos dos Lotes 3 e 4, no procedemento aberto simplificado do contrato mixto de servizos e subministracións correspondente á Organización do mercado galaico-romano "Galaicoi" e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana " Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000012, por procedemento aberto simplificado, correspondente ao servizo de organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do contrato en cinco lotes, e cun valor estimado total de 94.727,27 euros e un orzamento base de licitación de 52.100,00 euros.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas Actas da Mesa de Contratación de datas 25 de xuño, 1 de xullo e 3 de xullo de 2019 respecto das ofertas presentadas nos distintos lotes no presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa data do 3 de xullo de 2019, a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes a que ofertaron, iso de conformidade co resultado das valoracións que constan na Acta do 3 de xullo de 2019, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios dos lotes nºs 1, 2, e 5 o prazo de sete días hábiles, para que presentasen a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, (no caso do lote nº 1), así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informes do técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de datas 10, 11 e 12 de xullo de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario do lote nº 3 o prazo de sete días hábiles, para que presentasen a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, este presentou escrito de renuncia á adxudicación, que foi

registrado da sede electrónica do Concello de Cambre con data do 4 de xullo de 2019 ao nº 201999900000994.

Visto que, outorgado á empresa proposta como adxudicataria para o Lote nº 2 dos que integran o presente expediente o prazo de cinco días establecido na cláusula 16.3.1. do prego de cláusulas administrativas particulares para que presentase a documentación xustificativa da súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, esta achegou debidamente a documentación solicitada, xustificando debidamente a súa oferta segundo informe do técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de data 10 de xullo de 2019, ratificado pola Mesa de Contratación con data do 12 de xullo actual.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 12 de xullo de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 124/2019 emitido polo interventor municipal con data do 12 de xullo de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 25 de xuño actual, respecto ao Lote nº 1 dos que integran o expediente 2019/ C004/000012:

- Admitir as ofertas presentadas para o Lote nº 1 dos que integran o expediente 2019/ C004/000012 polas empresas “**Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.**” e “ **Legend Especialistas, S.L.**”, por presentar os sobres ou arquivos electrónicos “ B” coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.
- Non admitir a oferta presentada polo licitador “**Iluminación Naveiro, S.L.**”, iso de conformidade co establecido polo art. 139.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal “*As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha*”, tendo en conta que a documentación presentada polo licitador non se corresponde nin co obxecto da presente licitación, nin coa esixida na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente.

- Tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II.A do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, excluír a oferta presentada pola entidade “**Xema Comunicación Global, S.L.**”, ao non atoparse este licitador, á data final de presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obrigación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Segundo : De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 1 de xullo de 2019, aprobar as seguintes puntuacións outorgadas ás empresas licitadoras no Lote nº 1, no criterio contemplado no punto b) da cláusula 12.1) do Prego de cláusulas administrativas particulares, “*Calidade da programación das actividades de dinamización do mercado e da decoración e ambientación dos espazos da Romaría ofertados*”:

- Espectáculos AMB Producciones, S.L. 25 puntos
- Legend Especialistas, S.L. 20 puntos

Terceiro : De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xullo de 2019, (de reanudación da sesión da Mesa iniciada o 1 de xullo anterior), aprobar a seguinte valoración das dúas ofertas admitidas no Lote nº 1 , de conformidade co establecido no art. 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, co seguinte resultado :

a) Puntuacións correspondentes ao criterio “Prezo ofertado” (cláusula 12.1.a):

Empresa	Prezo sen IVE	Puntuación Prezo
Espectáculos AMB Producciones, S.L.	19.600,00	75
Legend Especialistas, S.L.	21.990,00	66,85

b) Puntuacións globais criterios cláusula 12.1 (Prezo ofertado e Calidade da programación das actividades):

Empresa	Puntuación criterio Calidade Programación	Puntuación criterio Prezo	TOTAL
Espectáculos AMB Producciones, S.L.	25	75	100
Legend Especialistas, S.L.	20	66,85	86,85

De conformidade co establecido na cláusula 16.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude do cal, cando concorren dúas ofertas, considérase anormalmente baixa a oferta que resulte inferior á outra en máis dun 13,33 % ,resultaría anormalmente baixa a oferta inferior a 19.058,73 euros sen IVE, sen que ningunha das presentadas incorra en tal circunstancia.

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xullo de 2019, (de reanudación da sesión da Mesa iniciada o 1 de xullo anterior), adjudicar o Lote nº 1 dos que integran o expediente 2019/ C004/000012 de Organización do mercado galaico-romano “ Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana “ Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre, a favor da seguinte empresa, por ser a que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, polo prezo máis baixo ofertado e calidade da programación proposta, sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa:

- **Lote nº 1 (Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría),** á empresa “**Espectáculos A. M. B. Producciones, S.L.**”, con NIF B96897236 e domicilio na rúa San Martín nº 25, 46970 Alaquás (Valencia), no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 19.600,00 euros sen IVE (23.716,00 euros IVE incluído)

Quinto : De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 1 e 3 de xullo actual, respecto aos Lotes nºs 2 a 5 dos que integran o expediente 2019/ C004/000012:

- Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas nos lotes que seguidamente se indican, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- o Para o Lote nº 2 (Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos): - Oferta presentada por “**Suministros Generales Manufacturados, S.L.**”, (SUGEMA)
- o Para o Lote nº 3 (Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a romaría): - Oferta presentada por “ **Legend Especialistas, S.L.**”
- o .- Para o Lote nº 5 (Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais): - Oferta presentada por “ **Fluge Galicia, S.L.**”,

- Tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II. B do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, acórdase excluír a oferta presentada pola entidade “**Barbeito e López, S. C.**” para o Lote nº 3 dos que integran o presente contrato, ao non atoparse este licitador, á data final de presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obrigación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

- Tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II. B do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, excluír as ofertas presentadas para os lotes nº s 2 a 5 pola entidade “**Iluminación Naveiro, S.L.**”, ao non atoparse este licitador, á data final de

presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obrigaón expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xullo de 2019, (de reanudación da sesión da Mesa iniciada o 1 de xullo anterior), aprobar a seguinte valoración das ofertas admitidas para os lotes nºs 2, 3 e 5, de conformidade co establecido no art. 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, (prezo ofertado), así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, co seguinte resultado :

EMPRESA	LOTE	PUNTOS	OFERTA ANORMALMENTE BAIXA
Suministros Generales Manufacturados, S.L.	2	100	SI (inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67%, - inferior a 1.205,18 € sen IVE-, cláusula 16.3.2. PCAP)
Legend Especialistas, S.L.",	3	100	NON (superior ao prezo de licitación en máis dun 16,67%, - 8.052,89 € sen IVE-, cláusula 16.3.2. PCAP)
Fluge Galicia, S.L.",	5	100	NON (superior ao prezo de licitación en máis dun 16,67%, - 3.787,72 € sen IVE-, cláusula 16.3.2. PCAP)

Sétimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xullo de 2019, (de reanudación da sesión da Mesa iniciada o 1 de xullo anterior), adxudicar os Lotes nºs 2 e 5 dos que integran o expediente 2019/ C004/000012 de Organización do mercado galaico-romano " Galaicoi" e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico-Romana "Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre, a favor das seguintes empresas, por ser as únicas participantes admitidas na licitación, cumprir cos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e ter achegado a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas, dándose a circunstancia ademais, de que a empresa que resultou adxudicataria do Lote nº 2 xustificou debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, segundo informe emitido polo técnico en

promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de data 10 de xullo de 2019, ratificado pola Mesa de Contratación con data 12 de xullo actual :

- **Lote nº 2 (Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos)**, á empresa “**Suministros Generales Manufacturados, S.L.**”, con NIF B15009681 e enderezo na rúa Perpetuo Socorro nº 1, baixo, 15006 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020 , de 1.100 euros sen IVE (1.331,00 euros IVE/IVE incluído)
- **Lote nº 5 (Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais)** á empresa “ **Fluge Galicia, S.L.**”, con NIF B87037883 e enderezo na Avenida de la Técnica nº 13, 28522 Rivas-Vaciamadrid, (Madrid), polo prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 4.545,00 euros sen IVE, (5.499,45 euros IVE/IVE incluído)

Oitavo : De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xullo de 2019 , declarar **deserto o Lote nº 4**, (Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación os espazos da Romaría), ao excluírse a única oferta presentada, polo licitador “Iluminación Naveiro,S.L.”, por non atoparse este licitador, á data final de presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, tal e como consta no punto quinto do presente acordo.

Noveno : Declarar **deserto o Lote nº 3** dos que integran o presente expediente , (Subministración de elementos de identidade gráfica, cartelería, sinais, bolsas, camisetas, medallas e Tessera e realización dunha campaña en prensa, radio e redes sociais para difundir e publicitar a romaría), ao abeiro do establecido no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por renuncia expresa da única entidade admitida na licitación deste lote e que foi proposta como adxudicataria, “Legend Especialistas, S.L.”, efectuada mediante escrito rexistrado de Entrada no Concello de Cambre o día 4 de xullo de 2019 ao nº 201999900000994.

Décimo: Proceder á formalización dos correspondentes contratos coas entidades adxudicatarias dos lotes nºs 1, 2 e 5 en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciban as notificacións da adxudicación, (e, en todo caso, antes do día 18 de xullo actual, data na que está previsto o comezo da execución dos contratos), de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido nas cláusulas 17.1.11 e 19.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, os contratos e demais documentos previstos na

citada cláusula 17.1.11 e relativos aos medios pessoais destinados á execución do contrato, deberán constar no expediente de contratación antes do inicio da execución do contrato, correspondéndolle ao responsable do contrato a comprobación da súa acreditación.

Ademáis, para a formalización do contrato requírese que o adxudicatario teña presentados os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Décimo Primeiro: De conformidade co establecido na cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, désignase como responsable da totalidade dos lotes que integran o presente contrato, de conformidade co establecido no art. 62 da LCSP, ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Con carácter previo ao comezo da execución do contrato ou prestación do servizo de cada un dos lotes integrantes do presente expediente, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo, e por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados nos puntos 2 e 3 da cláusula 17.1.11. Igualmente, e respecto dos medios materiais, deberá comprobar que o contratista achegou, e constan no expediente de contratación, os documentos contemplados na cláusula 17.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Décimo Segundo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días as adxudicacións no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo Terceiro: Notifíquese ao responsable do contrato , e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

7º.- Proposta de declaración de deserto do Lote 1 e adjudicación do Lote 2 no procedemento aberto simplificado, do contrato do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana "Galaicoi", a celebrar no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000013, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, e cun valor estimado total de 28.999,98 euros e un orzamento base de licitación de 15.949,99 euros .

Visto que, con data do 25 de xuño de 2019, a Mesa de Contratación acordou excluír a única oferta presentada para o Lote nº 1 dos que integran o presente expediente, téndose presentado para o lote nº 2 unha única proposición.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 4 de xullo de 2019 respecto da oferta presentada no lote nº 2 no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente na mesma data do 4 de xullo de 2019, a prol do único licitador admitido no lote nº 2, iso de conformidade co resultado das valoracións que constan na citada Acta, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario do lote nº 2, o prazo de sete días hábiles, para que presentasen a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de data 11 de xullo de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 12 de xullo de 2019, que contén a proposta de acordos a

adoptar, e mailo informe de fiscalización número 121/2019 emitido polo interventor municipal con data do 12 de xullo de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 25 de xuño e 4 de xullo actual :

- Admitir a única oferta presentada para o **Lote nº 2** dos que integran o expediente 2019/ C004/000013, pola empresa “**Artestudio Xestión Cultural, S.L.**”, por presentar os sobres ou arquivos electrónicos “ B” coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.
- Tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II.A do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, excluír a única oferta presentada para o **Lote nº 1**, pola entidade “ **Xema Comunicación Global, S.L.**”, ao non atoparse este licitador, á data final de presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obrigatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obrigación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 4 de xullo de 2019, aprobar a seguinte puntuación outorgada á empresa licitadora no Lote nº 2, no criterio contemplado no punto b) da cláusula 12.2) do Prego de cláusulas administrativas particulares, “*Calidade da programación das representacións teatrais propostas e dos restantes recursos que se adscribirán á súa realización*”:

Empresa	Puntos criterio "Calidade da programación das representacións teatrais propostas e dos restantes recursos que se adscribirán á súa realización"
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	25

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 4 de xullo de 2019, aprobar a seguinte valoración da única oferta admitida no Lote nº 2, de conformidade co establecido no art. 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, co seguinte resultado :

a) Puntuacións correspondentes ao criterio "Prezo ofertado" (cláusula 12.2.a):

Empresa	Prezo sen IVE	Puntuación Prezo
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	1.960,00	75

b) Puntuacións globais criterios cláusula 12.2 (Prezo ofertado e Calidade da programación das representacións teatrais propostas e dos restantes recursos que se adscribirán á súa realización):

Empresa	Puntuación criterio Calidade Programación	Puntuación criterio Prezo	TOTAL
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	25	75	100

De conformidade co establecido na cláusula 16.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a oferta presentada pola empresa resultaría anormalmente baixa se fose inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67 %, o que sucedería se fose inferior a 1.687,05 euros sen IVE, sen que a oferta presentada incorra en tal circunstancia.

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 4 de xullo de 2019, adxudicar o lote nº2 dos que integran o expediente 2019/ C004/000013 para adxudicar o contrato de Servizo de Realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana " Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre , a favor da empresa e no prezo que seguidamente se indica, por ser a única participante admitida na licitación, cumprir cos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e ter achegado a

documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa :

- **Lote nº 2 (Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana “ Galaicoi”)**, , á empresa “ **Artestudio Xestión Cultural, S.L.**”, con NIF B70206008 e domicilio na rúa Marina Nieto Álvarez nº 12, 15009 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.960,00 euros sen IVE (2.371,60 euros IVE/IVE incluído)

Quinto : De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 4 de xullo actual, declarar **deserto o Lote nº 1, (Servizos de recreación histórica da vida cotiá, cultural, política, relixiosa e militar das sociedades romana e castrexa, consistentes na realización de dramatizacións, demostracións, escenificacións e desfiles e na exposición de diverso material e equipamento civil e militar romano e castrexo)**, ao abeiro do establecido no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de contratos do sector público , ao excluírse a única oferta presentada para este lote, polo licitador “Xema Comunicación Global, S.L.”, por non atoparse este licitador, á data final de presentación de ofertas (24 de xuño de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, tal e como consta no punto Primeiro do presente acordo

Sexto : Proceder á formalización do correspondente contrato coa entidade adxudicataria do lote nº 2 en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, (e, en todo caso, antes do día 18 de xullo actual, data na que está previsto o comezo da execución dos contratos), de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Para a formalización do contrato se require que o licitador presente os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo: De conformidade co establecido na cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, designase como responsable do Lote nº 2 do presente contrato, de conformidade co establecido no art. 62 da LCSP, ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días as adxudicacións no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de

cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato , e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

8º.- Proposta de modificación do prego de prescricións técnicas no procedemento aberto simplificado, do contrato de subministración de mobiliario para as novas dependencias de servizos sociais e do centro social xuvenil – Casa Arrigada, no Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C005/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión extraordinaria do día 5 de xullo de 2019, aprobou iniciar o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática) da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro social xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre (expediente núm. 2019/C005/000003), aprobando o expediente, así como o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo de prescricións técnicas, e as características propias do contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Visto o informe emitido no día de hoxe pola coordinadora de Servizos Sociais, no que se fai constar que respecto da cláusula primeira do prego de prescricións técnicas, no punto 6, en relación ao lote núm. 1 de servizos sociais, no que se refire ás características técnicas dos armarios existe un erro na espesura dos costados, que debe ser de 19 mm en vez dos 22 mm que constaban no prego aprobado, e que, ademais, en relación co faldón das mesas operativas

incluídas na subministración deste lote onde pon “faldón de madeira” debería indicarse que se trata dun “faldón melaminado”.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral de data 12 de xullo de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar o prego de prescricións técnicas modificado, asinado con data 12 de xullo de 2019, para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática) da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro social xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre (expediente núm. 2019/C005/000003), mantendo nos seus termos o contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data 5 de xullo actual, abrindo un novo prazo de presentación de ofertas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

9º Adjudicación ao licitador Fronda Galega de Sonido, S.L, no importe de 7.450,00 € sen IVE, 9.014,50 € IVE incluído, da contratación do concerto grupo Nani García Big Band, Audiovisualismo, no Festival Temple Jazz 2019. Expediente C.M. núm. 2019/C002/000235

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 1 de xullo de 2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e polo alcalde, para a contratación do concerto do grupo Nani García Big Band, Audiovisualismo, incluído no Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre, cun importe de 7.450,00 € sen IVE e 9.014,50 €, IVE incluído. Faise constar na proposta a memoria da actividade artística recollendo que inclúe o caché dos 16 músicos sobre o escenario e un técnico, que a actuación será en exterior e as necesidades técnicas irán incluídas no respectivo contrato de produción.

Motívase a contratación no cumprimento das competencias municipais en materia de promoción da cultura e ocupación do tempo libre reguladas no art. 25.2.l) e m), da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 4 de xullo de 2019 emítese informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 334 22609 e de que respecto da empresa á que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sendo o órgano competente para a autorización e

aprobación do gasto e para a adxudicación , o señor alcalde (a día de hoxe, Xunta de Goberno Local).

Con data do 11 de xullo de 2019 emítase informe pola dinamizadora cutural, no que consta que foi invitada a única entidade que representa aos artistas:

- Fronda Galega de Sonido, S.L.

e que se presentou a seguinte oferta :

Empresa	PREZO S/IVE	IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
FRONDA GALEGA DE SONIDO, S.L.	7.450,00 €	21% 1.564,50 €	9.014,50 €

formulando proposta de adxudicación a prol da entidade "FRONDA GALEGA DE SONIDO, S.L.", co CIF B15682537 e domicilio na rúa Abeleiras, 17-1^odta, Abeleiras de Abaixo, 15178 Oleiros (A Coruña), no prezo ofertado de 7.450,00 euros, máis o 21% de IVE, que supón un total de 9.014,500 euros (IVE incluído), por ser a única entidade que representa aos artistas e ter presentado a documentación solicitada.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 12 de xullo de 2019, por parte desta Concellería Delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a proposta para a contratación do “Concerto grupo Nani García Big Band, Audiovisualismo no Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre”, cun importe de 7.450,00 € sen IVE e 9.014,50 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 334 22609

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000235 da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato do “Concerto grupo Nani García Big Band, Audiovisualismo no Festival Temple Jazz 2019 a celebrar no Concello de Cambre” ao licitador “FRONDA GALEGA DE SONIDO, S.L.”, con CIF B15682537 e domicilio na rúa Abeleiras, 17-1^oda, Abeleiras de Abaixo, 15178 Oleiros (A Coruña), no prezo ofertado de 7.450,00 euros, máis o 21% de IVE, que supón un total de 9.014,500 euros (IVE incluído), por ser o único empresario que ostenta a representación dos artistas.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á dinamizadora cultural M^a Pilar Paz Delgado, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á dinamizadora cultural M^a Pilar Paz Delgado, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

10º.- Adxudicación a favor da empresa "Hebe Sport, S.L.", no prezo anual ofertado de 21.786,75 euros IVE incluído (18.487,40 euros sen IVE), do procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, do

servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020. Expte: 2019/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, do servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020, cun orzamento base de licitación de 22.977,05 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 14 de xuño de 2019 respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data a prol do licitador “Hebe Sport, S.L.” no prezo anual ofertado de 21.786,75 euros IVE incluído (18.487,40 euros sen IVE), e unha oferta dunha sede/instalación para o ano 2019, e unha para o ano 2020, cun total de 63 horas na devandita sede/instalación para cada anualidade, por ser a única entidade participante na licitación, e obter unha puntuación de 100 puntos en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, e prazo posterior de aclaración, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 10 de xullo de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 10 de xullo de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 117/2019 emitido polo interventor municipal con data do 11 de xullo de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 14 de xuño de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada pola empresa "Hebe Sport, S.L.", por ter presentado o sobre ou arquivo electrónico coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 14 de xuño de 2019, a seguinte valoración da oferta presentada, determinando que non se atopa incurso en presunción de ser anormalmente baixa, por non ser inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67 %.

Criterio	Puntos
Prezo ofertado	75
Nº de sedes para as dúas anualidades	5
Nº de horas dispoñibles en cada sede/s para as dúas anualidades	20
Total	100 puntos

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 14 de xuño de 2019, adxudicar o servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo Concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020 (exp. 2019/C004/000004), a favor da empresa " Hebe Sport, S.L.", no prezo anual ofertado de 21.786,75 euros IVE incluído (18.487,40 euros sen IVE), e unha oferta dunha sede/instalación para o ano 2019, e unha para o ano 2020, cun total de 63 horas na devandita sede/instalación para cada anualidade, por ser a única entidade participante na licitación, obter unha puntuación de 100 puntos en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e ter achegado a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de

conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido nas cláusulas 17.1.11 e 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, os contratos e demais documentos previstos na citada cláusula 17.1.11 e relativos aos medios persoais destinados á execución do contrato, deberán constar no expediente de contratación antes do inicio da execución do contrato, correspondéndolle ao responsable do contrato a comprobación da súa acreditación.

Ademais, para a formalización do contrato requírese que o adxudicatario teña presentados os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en funcións na súa sesión ordinaria do 28 de maio de 2019, designar como responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP, ao coordinador de cultura e educación municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos á entidade adxudicataria e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as catore horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Juan González Leirós

A secretaria
María Luisa de la Red Ampudia